



Paixón polo deporte

XIII TORNEO DE GOLF CIDADE DE NARON 2018

REGULAMENTO

Presentación

Torneo de Golf patrocinado polo Concello de Narón en recorrido de 18 foxos o venres 25 de maio de 2018 en horario de tarde con saída a tiro as 16:00 horas, e sábado día 26 de maio con saídas a tiro as 9:00 horas e as 14:30 horas.

O Comité da Proba terá a potestade de cambiar a data ou suspender a proba por causas meteorolóxicas e/ou de forza maior.

Modalidade e categorías do torneo.

A modalidade establecida para este torneo é “**Individual**” e “**Stableford**”

Consideraranse **dúas categorías Hándicap**.

O corte entre 1ª Categoría e 2ª Categoría hándicap farase como resultado das inscricións, procurando que estean equilibradas no número de participantes en cada unha.

En caso de empate seguirase o criterio da FGG na súa aplicación oficial para torneos federados. Si persiste o empate sortearase.

Inscricións

Ata o xoves pola tarde para saídas do venres, o venres pola mañá para saídas do sábado. Despois de pechar as inscricións, publicaranse as partidas na páxina web do club. Si hai capacidade de prazas, aceptaranse novas inscricións ata antes das tres saídas.

Terase tamén en conta a posibilidade de adaptar as partidas as preferencias dos xogadores, pero sempre que sexa posible manter o correcto desenvolvemento da proba.

Para poder inscribirse deberase estar en posesión da licenza en vigor, expedida pola Real Federación Española de Golf ou calquera outra Federación deste deporte.

As inscricións terán que efectuarse no Club de Golf Campomar.

A información técnica e dúbidas sobre as regras e regras locais faranse chegar a sede do Club de Golf Campomar.

As baixas teranse que comunicar ao campo de xogo antes do peche das inscricións. En calquera caso consideraranse como non presentado ao torneo.

O custo do Green Fee será de **15€ para os socios e 25€ para os non socios.**



Paixón polo deporte

Comité da Proba

Asumirá as funcións do Comité da Proba o Comité formado no Club de Golf Campomar.

Avituallamento e Refruxerio

A metade do partido disporase un avituallamento para os participantes no xogo consistente en froita e auga.

Ao rematar a entrega de trofeos servirase un refruxerio a tódolos asistentes ao acto.

Trofeos do torneo.

Gañador Scratch

Primeiro clasificado stroke play

Primeira Categoría

Primeiro, Segundo e Terceiro clasificado hándicap

Segunda Categoría

Primeiro, Segundo e Terceiro clasificado hándicap

Mellor approach en foxos 1 e 10.

Premio especial ao mellor xogador Infantil de calquera categoría.

(Os premios poderán ser acumulables)

Sorteo

Trala entrega de premios aos gañadores, haberá un sorteo variado de material deportivo.